

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

4173 *Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.*

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se recollen nos artigos 49 e 56 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFE) respectivamente.

A súa incorporación ao ordenamento xurídico español conduce á modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, e ineludiblemente á reforma dos conseguíntes desenvolvementos regulamentarios, co obxecto de adecuar o seu contido ás exixencias de supresión de trámites innecesarios e de simplificación de procedementos administrativos no outorgamento das autorizacións pertinentes en materia de comercio.

Aínda que, con carácter xeral, as actividades de servizos de distribución comercial non deben estar sometidas a autorización administrativa previa, no relativo ao exercicio da venda ambulante ou non sedentaria considerouse necesario o seu mantemento así como a introdución de certas modificacións, que a continuación se exporán, na medida en que este tipo de actividade comercial require do uso de solo público que se debe conciliar con razóns imperiosas de interese xeral como a orde pública, a seguridade e a saúde pública.

Este real decreto constitúe a norma regulamentaria que desenvolve o capítulo IV do título III da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, e que se dita ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que se establece a competencia exclusiva do Estado sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Por outra parte, dada a escaseza de solo público dispoñible, o número de autorizacións deberá ser necesariamente limitado. Por iso, o procedemento de concesión debe ser público e transparente de forma que, a pesar de que as autorizacións teñan unha duración limitada no tempo, se proporcione un resarcimento xusto dos investimentos acometidos polos seus titulares.

Adicionalmente suprímense, con respecto á normativa anterior, os requisitos de natureza económica e os criterios económicos de outorgamento da autorización, entre outros, aqueles que supeditaban o outorgamento da autorización á proba da existencia dunha necesidade económica ou dunha demanda no mercado, ou a que se avaliasen os efectos económicos posibles ou reais da actividade, ou a que se fixese unha apreciación de se a actividade se axustaba aos obxectivos de programación económica establecidos pola autoridade competente. Tamén se prohibe a intervención de competidores nos órganos encargados de emitir informe sobre a concesión ou denegación da autorización.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Concepto, modalidades e réxime xurídico.*

1. Considérase venda ambulante ou non sedentaria aquela realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente calquera que sexa a súa periodicidade e o lugar onde se realice.

2. O exercicio da venda ambulante ou non sedentaria poderase realizar nalgunha das seguintes modalidades:

- a) Venda en feiras.
- b) Venda en mercados ocasionais ou periódicos.
- c) Venda en vía pública.
- d) Venda ambulante en camións tenda.

3. A actividade comercial desenvolvida baixo algunha das modalidades de venda ambulante ou non sedentaria deberase efectuar con suxeición ao réxime xeral da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, sen prexuízo do cumprimento doutras normas que resulten de aplicación.

CAPÍTULO II

Autorización de venda ambulante ou non sedentaria e rexistro

Artigo 2. *Réxime de autorización.*

1. Corresponderá aos concellos determinar a zona de localización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, fóra da cal non se poderá exercer a actividade comercial. Os postos de venda ambulante ou non sedentaria non se poderán situar nos accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais, nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación.

2. Para cada localización concreta e por cada unha das modalidades de venda ambulante ou non sedentaria que o comerciante se propoña exercer, deberá solicitar unha autorización, que será outorgada polo concello respectivo.

Artigo 3. *Características da autorización.*

1. A autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duración limitada. O concello fixará a duración da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria logo de ponderar a amortización do investimento efectuado e a remuneración equitativa dos capitais desembolsados polo prestador.

2. A autorización será transmisible logo de comunicación á Administración competente. As administracións públicas poderán comprobar e inspeccionar, en todo momento, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, notificando, se é o caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír infracción da lexislación de defensa da competencia.

3. A autorización debe definir, polo menos, o prazo de validez, os datos identificativos do titular, o lugar ou lugares en que se pode exercer a actividade, os horarios e as datas en que se poderá levar a cabo así como os produtos autorizados para a venda.

4. O titular da autorización de produtos de alimentación e herbodietética deberá adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

5. O comerciante deberá ter expostos para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible:

- a) A autorización municipal.
- b) Un enderezo para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

6. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polos concellos en caso de incumprimento da normativa.

Artigo 4. *Procedemento de selección.*

1. O procedemento para o outorgamento da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria e para a cobertura das vacantes será determinado por cada concello, respectando, en todo caso, o réxime de concorrencia competitiva, así como as previsións contidas nos artigos 86 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, así como do capítulo II da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

2. O procedemento será público e a súa tramitación deberase desenvolver conforme criterios claros, sinxelos, obxectivos e predicibles. Na resolución do procedemento fixaranse os requisitos da autorización, que terán que ser necesarios, proporcionais e non discriminatorios.

Artigo 5. *Presentación de solicitudes.*

1. A presentación da solicitude requirirá dos interesados, unicamente, a sinatura dunha declaración responsable na cal manifesten, polo menos:

- a) O cumprimento dos requisitos establecidos.
- b) Estar en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade.
- c) Manter o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.

2. O contido da declaración responsable comprenderá, ademais, os seguintes aspectos:

- a) Estar dado de alta na epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao día no pagamento da tarifa ou, en caso de estar exento, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- b) Estar ao día no pagamento das cotizacións da Seguridade Social.
- c) Os prestadores procedentes de países terceiros deberán acreditar o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.
- d) Reunir as condicións exixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

3. En ningún caso o procedemento poderá exixir o deber de residencia no municipio respectivo como requisito de participación.

4. A circunstancia de estar dado de alta e ao día do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios, deberá ser acreditada, á opción do interesado, ben por el mesmo, ben mediante autorización á Administración para que verifique o seu cumprimento.

5. Non obstante o número anterior, non será exixible acreditación documental doutros requisitos detallados na declaración responsable, sen prexuízo das facultades de comprobación que teñen atribuídas as administracións públicas.

Artigo 6. *Os rexistros de comerciantes ambulantes.*

1. A inscrición nos rexistros de comerciantes ambulantes non terá carácter habilitante para o exercicio da actividade comercial.
2. As autoridades competentes efectuarán a inscrición no momento do outorgamento da autorización para o exercicio da actividade, ou ben no momento da súa transmisión, partindo dos datos contidos na «declaración responsable».
3. Os datos contidos nos rexistros serán actualizados de oficio.
4. As autoridades competentes deberán garantir a interoperabilidade técnica entre os rexistros constituídos de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividade de servizos e o seu exercicio.

CAPÍTULO III

Inspección e réxime sancionador da venda ambulante ou non sedentaria

Artículo 7. *Inspección.*

Os concellos que autoricen a venda ambulante ou non sedentaria dentro do seu propio termo municipal deberán vixiar e garantir o debido cumprimento polos titulares das autorizacións do preceptuado neste real decreto e noutras normas que resulten de aplicación.

Artigo 8. *Réxime sancionador.*

As infraccións do previsto nesta disposición serán sancionadas en cada caso polas autoridades competentes de acordo co previsto na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, e demais lexislación aplicable.

Disposición transitoria única. *Réxime xurídico aplicable aos procedementos de autorización iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Aqueles concellos que, con anterioridade á entrada en vigor da norma, iniciasen un procedemento para o outorgamento de autorizacións para o exercicio de venda ambulante ou non sedentaria deberán resolvelo aplicando as disposicións vixentes no momento de presentar a solicitude.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto quedarán derogadas as seguintes normas:

- a) Real decreto 1010/1985, do 5 de xuño, polo que se regula o exercicio de determinadas modalidades de venda fóra dun establecemento comercial permanente.
- b) Todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que establece a competencia exclusiva do Estado sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN